



Regulamento de funcionamento do comedor  
ANPA “ A Barxa” do CEIP García Barbón

01/10/2024

V.4



## Índice de contidos:

<b>I. Condicións Xerais De Funcionamento .....</b>	<b>3</b>
I.1. Introducción, que é o servizo de comedor?.....	3
I.2. Ámbito de aplicación .....	4
I.3. Vixencia.....	4
I.4 Persoa/s responsables do comedor .....	4
<b>II. Rexistro e condicións de acceso ao comedor.....</b>	<b>5</b>
II.1. Condicións xerais de acceso ao comedor .....	5
II.2. Modos de comunicación coa ANPA.....	5
II.3 Horario e quendas.....	6
II.4. Inscripción.....	6
II.5. Prazos de inscrición .....	7
II.6. Requisitos para a obtención da praza .....	7
II.7. Número de prazas dispoñibles.....	7
<b>III. Dietas e Comensais .....</b>	<b>8</b>
III.1. Menús e dietas .....	8
III.2.Tipos de comensais .....	8
<b>IV. Horarios de recollida e asistencia.....</b>	<b>9</b>
IV.1.Normas e horario de recollida.....	9
IV.2. Réximes especiais de custodia.....	10
IV.3. Faltas de asistencia .....	10
<b>V. Pagamento e baixa do servizo .....</b>	<b>11</b>
V.1.Pagos e formas de pagamento .....	11
V.2. Baixa voluntaria de comedor.....	12
V.3 Baixas do servizo por outras razóns .....	12
<b>VI. Normas xerais de convivencia no comedor.....</b>	<b>14</b>
<b>VII. ANEXOS.....</b>	<b>18</b>



## Regulamento xeral de funcionamento do comedor da ANPA A Barxa

### I. Condicións Xerais De Funcionamento

Co ánimo de crear unha contorna onde toda a comunidade educativa (crianzas, monitores e ANPA) conviva con respecto e harmonía, dende a ANPA A Barxa (ANPA a partires de agora) achegamos este Regulamento interno de funcionamento do comedor.

Nesta sociedade actual, onde a conciliación é fundamental, pretendemos facer fronte ao incremento da demanda destes servizos por parte das familias da nosa comunidade, e así garantir e defender o acceso á educación sen limitacións. Para favorecer o uso eficiente dos recursos dispoñibles en materia de comedor, presentamos unha serie de preceptos, que vos invitamos a ler detidamente.

#### I.1. Introducción, que é o servizo de comedor?

O servizo de comedor, xestionado pola ANPA, responde á necesidade de conciliación das familias. A ANPA A Barxa forma parte de FOANPAS (Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais do Alumnado de Vigo e a súa bisbarra), que se encarga de xestionar a financiación coas Administracións Públicas (Xunta e Concello) para a contratación do cáterin. Este servizo está suxeito a pregos de contratación pública, o que implica que pode variar anualmente ou bianualmente segundo os termos de cada contrato.



## I.2. Ámbito de aplicación

As normas do servizo de comedor afectarán aos nenos/as matriculados no C.E.I.P. García Barbón e que sexan solicitantes ou usuarios do comedor, sendo previamente socios da ANPA A Barxa e estando ao corrente de pago do seguro escolar para ese curso académico.

## I.3. Vixencia

As normas aquí reguladas terán a súa vixencia dende a súa aprobación en Asamblea Xeral e posterior elevación no Consello escolar.

## I.4 Persoa/s responsables do comedor

A xunta directiva da ANPA designará unha ou varias persoas responsables de coordinar, xestionar e controlar o bo funcionamento do servizo de comedor, e que exercerá as funcións de enlace entre pais/nais, coidadores/as, centro educativo, ANPA, FOANPAS e empresa provedora do servizo. Calquera circunstancia que as familias desexen manifestarles deberá presentarse por escrito.

En ningún caso o colexio podería levar a cabo a oferta de servizo de comedor, se non existe a figura do responsable de dito servizo.

O persoal da ANPA, coordinado pola persoa responsable do comedor, levará a cabo as seguintes funcións:

- Xestionar adocumentación dos/as usuarios/as do comedor.
- Manter visible e actualizado un cadro cos teléfonos de urxencia: bombeiros, policía local, centro de saúde, ambulancia, etc.
- Revisar e repoñer os elementos da botica escolar, controlando as datas de caducidade. .
- Informar á ANPA e, se procede, á Dirección sobre deficiencias que poidan presentar as instalacións do comedor.



- Comprobar se se respectan as normas de convivencia e comunicar á ANPA as incidencias que se produzan, así como o rexistro das mesmas.
- Contactar coas familias en caso de accidente ou indisposición dun/ha neno/a, podendo esta función ser asumida por calquera coidador/a se o responsable ou o persoal contratado pola ANPA non está presente.
- Informar á empresa que presta o servizo dos imprevistos que poidan xurdir: anulacións de comidas, axudas especiais, alumnado eventual, etc.

## II. Rexistro e condicións de acceso ao comedor

### II.1. Condicións xerais de acceso ao comedor

- Estar matriculado no CEIP García Barbón no presente curso.
- Ser socio da ANPA (para iso só fai falla cumplimentar o formulario online que se envía en maio para os novos usuarios). A renovación, nos anos vendeiros, será feita de forma automática.
- Estar ao corrente de pagos dos recibos da ANPA. No caso contrario, a renovación non é automática ata que se faga o efectivo pagamento das cantidades debidas.

### II.2. Modos de comunicación coa ANPA

Para facilitar a comunicación coas familias, a ANPA pon a vosa disposición as seguintes vías:

- **Teléfono móbil:** o teléfono estará operativo de 09:00 a 09:30 e de 12:00 a 18:00 (de luns a venres). Número de contacto: **660 175 215**.
- **Correo electrónico:** [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com)
- **No local da ANPA:** ubicado dentro do colexio, está aberto de 09:00 a 09:30 e de 12:00 a 18:00.



- **Bandomóvil aplicación:** A ANPA ten unha canle de comunicación coas familias no que aparece toda a información relevante de comedor (menús mensuais, novas, etc.)
- **Redes sociais:** a ANPA ten contas en Facebook e máis no Instagram cuxos enderezos se atopan na web da ANPA.

### II.3 Horario e quendas

As datas nas que se dará **comezo ao servizo de comedor** pretenden coincidir coas establecidas pola administración competente para o comezo do curso escolar. En particular, para o alumnado de cuarto de infantil, o servizo de comedor se adaptará ao que determine cada ano escolar a estratexia marcada pola Xunta sobre a adaptación deste alumnado ao inicio de cada curso.

O servizo de comedor funciona de **luns a venres de 13:50 a 16:00** horas. Distribuídos en dúas ou tres quendas, procurando que entren por curso completo e diferenciando por idades, entrando no comedor antes os de menor idade e máis tarde os maiores.

.

### II.4. Inscripción

As inscricións faranse mediante unha solicitude á ANPA. Pódese facer de maneira presencial na ANPA, e tamén se poderán facer de maneira telemática con carácter previo ao comezo do curso e do propio servizo a través dun formulario, publicado nas canles habituais da ANPA.

Para poder inscribirse, é preciso ser socio da ANPA en todo caso. Para as novas incorporacións, é preciso unicamente cumprimentar o formulario online que se envía en maio para os novos usuarios e realizar o pago anual da cota. A renovación, nos anos venideiros, será feita de forma automática e se pasará o recibo con carácter anual.

O alumnado que teña algún problema de saúde, deberá presentar a seguinte documentación:



Informe médico, no que se valorará se pode asistir autónomamente e sen axuda ou soporte de monitor específico ao servizo de comedor.

- Protocolo de primeiros auxilios se fose preciso.

Porase en coñecemento da ANPA calquera outra información salientable do alumnado que vaia utilizar o servizo de comedor como por exemplo as restricións na recollida e as restricións alimentarias, tal e como se establece no apartado III.

## II.5. Prazos de inscrición

Haberá tres prazos oficiais de inscrición.

- Renovacións: Realizaranse durante o mes de maio aproximadamente. Poderá inscribirse neste prazo todo o alumnado que xa fose usuario do comedor no curso anterior.
- Novas inscricións: Realizarse durante o mes de xuño e poderá inscribirse todo o alumnado que foran alumnos/as do colexio, pero non usaran o servizo de comedor anteriormente.
- Adicionalmente, en setembro: abrirase un novo prazo para aquel alumnado que non se inscribira nos prazos anteriores. O alumnado de cuarto de infantil que queira facer uso do comedor, inscribirse neste momento.

## II.6. Requisitos para a obtención da praza

Para poder acceder a unha praza no servizo de comedor, será necesariocumprir todos os seguintes requisitos:

- Realizar a inscrición nos prazos establecidos.
- Non ter ningunha débeda pendente coa ANPA en calquera dos seus servizos.
- Facilitar á ANPA un número de conta bancaria para a domiciliación dos recibos correspondentes.
- Ler e aceptar o presente regulamento no momento de formalizar a preinscrición.

## II.7. Número de prazas dispoñibles



O comedor escolar dispón dun número considerable prazas, aínda que estas son limitadas. No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas procederase a un proceso de baremación por parte do centro educativo.

### III. Dietas e Comensais

#### III.1. Menús e dietas

Os menús basais que se serven no comedor están especificamente deseñados por unha nutricionista contratada pola empresa de cáterin e é revisada pola Comisión de Comedores de FOANPAS, rede á que pertence a nosa ANPA e que é a que outorga o cáterin correspondente por adxudicación pública.

Se algún dos alumnos/as tivese necesidades especiais por problemas de saúde, alerxias, motivos éticos ou intolerancias, o comedor ofrecerá unha dieta especializada. Para poder acceder a esta tipoloxía de dietas, será necesario presentar obrigatoriamente un informe médico onde se especifique o tipo de dieta que se vai necesitar. No caso de doenza sobrevida (gastroenterite...) non fará falla certificado médico e solicitarase a dieta axeitada na marxe establecida para as faltas de asistencia (dietas brandas, fácil masticación...).

Tamén se poderán solicitar dietas especiais por motivos ideolóxicos e/ou relixiosos. Para estas dietas non é necesario nada máis que comunicalo á ANPA.

O carácter especial das diferentes dietas non repercutirá no importe do servizo.

#### III.2. Tipos de comensais

Segundo as súas necesidades haberá catro tipos de comensais:

- **Crianzas fixas non bolseiras:** son aquelas que se coñece exactamente os días mensuais que come no comedor. Se come os cinco días serán fixos continuos, e se só comen certos días a semana (4, 3, 2 ou 1 día) serán fixos





discontinuos.

- **Crianzas bolseiras:** son aquelas que mediante unha solicitude previa á Consellería de Benestar Social do Concello de Vigo, se lles concede unha bolsa para o comedor. Os nenos e nenas bolseiros non poderán ser esporádicos, terán que acudir os días concedidos na bolsa, neste caso é especialmente importante que avisen das faltas de asistencia xa que o Concello pode exixir á ANPA un parte de faltas dos mesmos.
- **Crianzas Esporádicas:** son aquelas que por necesidade quedan a comer días soltos no comedor. Hai unha opción de bono de 10 días de servizo que terá validez para o todo curso escolar.
- **Crianzas fixas de programación mensual:** son aquelas que dependendo do mes varían o número de días ou, mantendo o número, varían os días. Deberán comunicar con antelación estes cambios a ANPA.
- **Familias interesadas en ver o funcionamento do comedor:** no caso de que algunha familia desexara visitar ou comer no comedor, só tería que porse en contacto coa ANPA e se axendaría conxuntamente o día e hora axeitado segundo a carga de traballo.

## IV. Horarios de recollida e asistencia

### IV.1. Normas e horario de recollida

As crianzas que queden ao comedor deberán ser recollidas no patio do colexio polos seus pais, nais, titores legais ou persoa autorizada no horario que se estableza por motivos organizativos.

Cando unha familia se vexa na necesidade de recoller a súa crianza antes do remate do turno, deberá notificalo sempre por escrito (as canles habituais da ANPA). Só se admitirá unha recollida sen notificación previa por causas maiores, excepcionais ou de urxencia.



Para autorizar a outras persoas a recoller ao alumnado haberá que cumprimentar, obrigatoriamente, unha solicitude (dispoñible na páxina web da ANPA, [www.anpagarciabarbon.org](http://www.anpagarciabarbon.org) e anexo a este Regulamento) e acompañala dunha fotocopia do DNI da persoa autorizada. Será necesario tamén informar de todas as veces que unha persoa non habitual vaia a recoller ao neno/a . Os monitores non entregarán ao neno/a a ningunha persoa non autorizada non notificada por esas canles con anterioridade. De maneira excepcional o alumnado de quinto e sexto de primaria poderá saír só do centro cando as familias ou titores legais asinaran a debida autorización (tamén dispoñible na páxina web da ANPA e anexa a este Regulamento).

Para o normal funcionamento das actividades, rógase a todas as familias a máxima puntualidade. A persoa encargada de recoller ao neno/a do comedor deberá facelo coa máxima puntualidade, e dicir, en todo caso, antes das 16:00 horas. No caso de non acudir nas horas establecidas de recollida, procederase a chamar ás autoridades pertinentes para que se ocupen da súa custodia, tal e como recolle a normativa do centro educativo.

Non está permitida a entrada de vehículos no recinto escolar.

Unha vez recollidas as crianzas deberase abandonar o recinto escolar no mínimo tempo posible para facilitar a recollida dos restantes nenos e nenas

En ningún caso poderase acceder ao comedor para a recollida das crianzas.

## IV.2. Réximes especiais de custodia

No caso de que as familias estean divorciadas ou separadas necesitarase a mesma documentación que se lle facilitou ao colexio para a súa recollida (acordos de custodia, etc.). Ate non dispor desta documentación, entenderase que os titores legais son ambos proxenitores.

## IV.3. Faltas de asistencia

As faltas de asistencia ao comedor deberanse comunicar por medio de calquera das canles habituais descritas no apartado 1 deste regulamento, en particular, presencialmente, por teléfono, app, whatsapp ou mail con anterioridade



ou no mesmo día **antes das 09:30**. Deberase comunicar co nome e apelidos do alumno/a e máis o curso ao que pertence.

No caso de **non comunicarse antes das 9:30 horas dese día**, e non xustificalo debidamente, a ANPA rexistrará a falta como **falta inxustificada**, e constará no expediente do comedor do alumno/a, que será penalizado con 2 euros máis na cota na seguinte mensuralidade, se se repite durante dúas veces no mesmo mes. Acumularanse dous euros por cada falta a partir da segunda. No caso de que as faltas inxustificadas superen o número de 10 durante todo o curso escolar, poderá dar lugar a unha sanción maior, que será concretada pola Xunta da ANPA.

## V. Pagamento e baixa do servizo

### V.1.Pagos e formas de pagamento

- **Cota da ANPA:** É unha cota periódica dos asociados e faise efectiva a principio de curso, durante o mes de outubro. Esta cantidade varía anualmente, e poderase modificar mediante voto e aprobación por maioría simple nunha Asamblea Xeral Ordinaria.
- **Seguro individual de cada alumno/a:** O seguro de responsabilidade civil é de carácter obrigatorio para os usuarios de comedor, e faise efectivo durante os meses de decembro e xaneiro. O seu importe é notificado a través da nosa app ou polas canles habituais a máis tardar na última semana de novembro.

- **O propio servizo de comedor:**

**Deberase obrigatoriamente** pagar a través de **domiciliación bancaria** (haberá que asinar a autorización para a domiciliación dos recibos en caixas de aforro ou entidades bancarias) na conta da ANPA ( ES51 0049 5470 5224 1610 6902). Pódese descargar do apartado de Documentos da páxina web da ANPA ([www.anpagarciabarbon.org](http://www.anpagarciabarbon.org)) e anexo a este Regulamento.

O sistema de pago é o seguinte:

- O pago dos recibos do comedor farase por adiantado, nos 5 primeiros días



de cada mes, no número de conta do comedor.

- Abonarse a tarifa mensual correspondente aos días fixos que coma á semana, e o prezo variará en función dos días elixidos. As tarifas son prorrateadas, polo que todos os meses será o mesmo importe, independentemente da duración do mes ou das faltas de asistencia. A táboa de prezos será votado e aprobado en Asamblea Xeral ao principio de curso.
- **Bolsas e solicitudes de axudas ao comedor:** A Consellería de Benestar Social do Concello de Vigo convoca bolsas para comedor escolar cada ano. Os requisitos e prazas da convocatoria anúncianse a través dos medios habituais de comunicación. De todas formas, dende a ANPA fáremonos eco destas noticias e serán compartidas nas nosas redes sociais. As solicitudes deberanse presentar seguindo as instrucións do Concello (de xeito presencial ou telematicamente). Unha vez aprobadas, o Concello remite á dirección do centro unha listaxe coa relación de alumnado bolseiro de cada centro educativo; estes á sua vez remiten a listaxe á ANPA para a súa correspondente xestión coas familias.  
No caso das familias que solicitaron a bolsa de comedor do Concello, se na data de comezo do curso escolar aínda non hai resolución ao respecto, deberán abonar o mes coma calquera usuario. Unha vez publicadas as bolsas, a ANPA reembolsará o importe correspondente.

## V.2. Baixa voluntaria de comedor

Para darse de baixa ou modificar os días que se vai acudir, só haberá que completar a solicitude que se atopa na páxina web e notificalo a ANPA antes do día 20 do mes anterior á que se producirá a baixa. No caso de facelo máis tarde, cobrarase o mes seguinte de maneira íntegra.

## V.3 Baixas do servizo por outras razóns

As baixas non voluntarias do servizo poderán vir derivadas de dous motivos:



- a- Impagos: A falta de pago nos prazos establecidos é motivo de expulsión do servizo comedor. O proceso iniciarase en canto haxa o primer impago, e no segundo, será posto en coñecemento da reunión Xunta Directiva da ANPA para a aprobación da xestión do proceso de baixa.
- b- Derivadas de situacións excepcionais: Casos de forza maior, como enfermidades sobrevidas ou accidentes que impidan o uso temporal do comedor, tendo que ser xustificadas documentalmente. As vacacións, viaxes familiares e similares non son motivo de situación excepcional.
- c-Sancións ou expulsións do comedor por mor de non seguir as normas de convivencia do comedor tal es como se establece nas normas xerais de convivencia do epígrafe seguinte.



## VI. Normas xerais de convivencia no comedor

**Obxectivo:** Este conxunto de normas ten como finalidade establecer as pautas de conduta que contribúan a un ambiente seguro, saudable e respectuoso no comedor escolar, procurando garantir que o servizo funcione de maneira ordeada e que todos os nenos disfruten dun entorno positivo durante o horario das comidas. Tomamos como referencia a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 e as orientacións correctivas da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar publicada no DOG do 27 de xaneiro de 2024 para estar en consoancia coa normativa aplicable e de correcto funcionamento convivencial do servizo de comedor.

**Ámbito de Aplicación:** O plan de convivencia aplicarase a todo o alumnado inscrito no comedor, ao persoal de monitores, aos membros da ANPA encargados da xestión do servizo, así como a calquera persoa que participe ocasionalmente na organización do comedor.

**Responsabilidade:** Todos os usuarios do comedor (alumnado, persoal e familias) teñen a responsabilidade de cumprir e facer cumprir as normas recollidas neste documento.

### Normas Xerais:

- **Respecto e educación:** Todos os alumnos deben mostrar respecto cara aos seus compañeiros e ao persoal. Isto inclúe non empregar linguaxe ofensiva, non berrar nin mostrar actitudes de agresividade física ou verbal.
- **Respecto polo espazo físico:** É obrigatorio manter o comedor limpo e ordeado, evitando ensuciar o chan ou o mobiliario con restos de comida ou materiais. As mesas e cadeiras deben ser tratadas con coidado, evitando actos que poidan danalas (rabuñar, escribir, romper, etc.).
- **Comportamento adecuado:** Os alumnos deben seguir as indicacións do persoal do comedor e manter unha conduta apropiada en todo momento.



- Normas de Comportamento na Mesa: Sentarse correctamente:  
Os alumnos deben sentarse de forma adecuada nos seus lugares asignados, sen levantarse da mesa sen permiso durante a comida.
- Uso adecuado dos utensilios: Deberase facer un uso axeitado dos cubertos e demais utensilios, evitando tiralos, rompelos ou usalos de forma inapropiada.
- Respetar os alimentos servidos: Non se debe xogar coa comida, tirala nin realizar intercambios de pratos ou alimentos entre os compañeiros. Espérase que todos coman de maneira respectuosa e organizada.
- Normas de Interacción entre Compañeiros: Fomentar a empatía: Os alumnos deben ser solidarios cos seus compañeiros, evitando mofas, comentarios ferintes ou comportamentos excluíntes.
- Prohibición de actitudes violentas: Estará estritamente prohibida calquera actitude violenta, sexa física (empuxóns, golpes) ou verbal (insultos, ameazas).

## Medidas Disciplinarias

Sistema de Consecuencias Progresivas: O obxectivo das medidas disciplinarias é corrixir o comportamento inadecuado de maneira educativa, proporcional e xusta. As sancións aplicaranse de forma progresiva, en función da gravidade da infracción e da reincidencia.

- Primeira infracción leve:  
Advertencia verbal por parte do monitor.  
Rexistro no Parte de Incidencias para facer un seguimento da conduta do alumno.
- Segunda infracción leve:  
Comunicación ás familias a través dunha nota informativa explicando a conduta observada.  
Reflexión verbal co alumno sobre a importancia das normas de convivencia.



- Terceira infracción leve ou primeira infracción grave:

Envío de parte de incidencia escrito segundo o modelo anexo a este Regulamento. Solicitarase reunión coas familias comentando a incidencia co parte escrito, para tratar o comportamento e buscar solucións conxuntas.

Deseño conxunto familia-persoal da Anpa e do/s monitores do neno do propio cáterin, se é posible, de actividades correctivas, como realizar unha tarefa relacionada coa convivencia (por exemplo, axudar na recollida do comedor ou participar en actividades de reflexión ao respecto, entre outras).

- Reincidencia ou conduta moi grave:

Parte de incidencia por escrito e traslado ás familias e á Dirección do centro e da ANPA. En función da gravidade da conduta, o persoal da ANPA poderá acordar a suspensión temporal do servizo de comedor (durante un ou varios días, dependendo da gravidade).

En casos de extrema gravidade (violencia física, agresións verbais graves), poderase considerar a expulsión definitiva do servizo de comedor, previa reunión coas familias e voto por maioría na Xunta Directiva da ANPA. Comunicarase a decisión por escrito á familia con copia ao centro educativo.

**Clasificación de Infraccións:**

- Infraccións leves:

Falta de respecto cara aos compañeiros ou monitores.

Comportamento inadecuado na mesa (berrar, xogar coa comida, coa louza, etc).

Negarse a seguir as instrucións do persoal.

- Infraccións graves:

Agresión física ou verbal.

Danos intencionados ás instalacións ou materiais.

Acoso ou humillación cara a outro alumno.

Faltas reiteradas de asistencia sen xustificar en tempo e forma.





A gravación, publicidade ou difusión, a través de calquera medio dunha agresión ou humillación.

Introducir en comedor obxectos ou substancias prexudiciais para a saúde.

Incumprimento da sanción imposta por faltas previas.

### **Procedementos de Xestión de Conflitos**

En caso de conflitos, os monitores serán os encargados de mediar nun primeiro momento, escoitando as partes implicadas e buscando unha solución consensuada. Se procede, abrirán parte de incidencias, avisando a ANPA.

Se o conflito persiste ou é grave, informarase a ANPA, que contactará ás familias e convocarase unha reunión para tratar a situación. Se non fose posible solventar o problema ou este persiste, daríase traslado á Dirección do centro, convocando á Comisión de Convivencia, e se é necesario ao Consello Escolar, podendo dar lugar a un parte de baixa (temporal ou definitiva, dependendo da gravidade) do servizo, xustificado mediante o expediente, no que constarán tanto o parte ous partes de incidencia reiterados, postos en coñecemento das familias, e a decisión coa medida correctora.



## VII. ANEXOS

Anexo I: Baixa do servizo

Anexo II: Cambio de días do servizo

Anexo III: Cambio de domiciliación bancaria

Anexo IV: Autorizacións de recollida

Anexo V: Autorización de saída de alumnado de 5º e 6º de Primaria sen acompañamento

Anexo VI: Parte de incidencias

Este regulamento foi aprobado pola Xunta Directiva da ANPA o día 30 de setembro de 2024, e tamén pola Asamblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria da ANPA A Barxa celebrada coas familias ó día 2 de outubro de 2024, e posteriormente elevado á aprobación no Consello Escolar o día 8 de outubro de 2024.



**ANPA "A Barxa" do CEIP García Barbón**  
 Serafín Avendaño, 20 36201 Vigo (Pontevedra)  
 660 175 215 / [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com)  
<http://anpagarciabarbon.org/>

**SOLICITUDE DE BAIXA NO SERVIZO DE COMEDOR E/OU ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES  
 CURSO 2024/2025**

<b>Nai/pai/Persona titora:</b>	<b>DNI/NIE</b>
<b>Teléfono móbil</b>	<b>Email</b>
<b>Solicita a baixa da/o alumna/o:</b>	
<b>No seguinte servizo da ANPA:</b>	

<input type="checkbox"/>	<b>COMEDOR</b> Indica os días: Lu Ma Me Xo Ve  Data inicio da baixa:
<input type="checkbox"/>	<b>ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES</b> Indicar cal/ cales:  Data inicio da baixa:

Explicanos brevemente o motivo da baixa para poder mellorar o servizo:


*De acordo co establecido na Orden do 3 de Agosto do 2010, pola que se regulan os servizos complementarios de ensinanza, de aula matinal, comedor escolar e actividades extraescolares.*

**Vigo, a                      de                      do 202**

**Sinatura:**

De conformidade co disposto no Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos, e a Lei Orgánica 3/2018 sobre Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais, informámoslle que os datos proporcionados ao longo da prestación do servizo incorporaranse as Actividades de Tratamento titularidade de ANPA "A BARXA" C.E.I.P. GARCÍA BARBÓN con CIF número G 36.782.373 e domicilio social en Serafín Avendaño, nº 20, 36,201, Vigo (Pontevedra). A finalidade do devandito tratamento é prestarlle un óptimo servizo como cliente e o mantemento da relación comercial no seu caso establecida. Do mesmo xeito, a empresa informa que os seus datos serán utilizados para realizar comunicacións comerciais e promoción das actividades ofrecidas pola organización. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, borrado, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento por escrito, acompañada dunha copia dun documento oficial que identifica dirixido ao enderezo arriba indicado ou ao correo electrónico [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com). Do mesmo xeito, e igualmente, pode revogar o consentimento dado á recepción de comunicacións comerciais de conformidade co disposto na Lei 34/2002. Por último, a empresa infórma que ao asinar este documento, concede o seu consentimento para o tratamento dos seus datos para o propósito antes mencionado.



**ANPA "A Barxa" do CEIP García Barbón**  
 Serafín Avendaño, 20 36201 Vigo (Pontevedra)  
 660 175 215 / [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com)  
<http://anpagarciabarbon.org/>

**SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DE DÍAS NO SERVIZO DE COMEDOR  
 CURSO 2024/2025**

Nai/pai/Persoa titora:

DNI/NIE

Teléfono móbil

Email

Alumna/o:

Solicito a modificación dos días de asistencia ao comedor escolar,

**COMEDOR**

Indica os días que asistía: **Lu Ma Me Xo Ve**

Indica os días que asistirá: **Lu Ma Me Xo Ve**

Data inicio do cambio:

¿Ten a/o alumna/o una dieta especial? SI  NON

*De acordo co establecido na Orden do 3 de Agosto do 2010, pola que se regulan os servizos complementarios de ensinanza, de aula matinal, comedor escolar e actividades extraescolares.*

Vigo, a

de

do 202

Sinatura:

**LOPD.** De conformidade co disposto no Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos, e a Lei Orgánica 3/2018 sobre Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais, informámoslle que os datos proporcionados ao longo da prestación do servizo incorporaranse as Actividades de Tratamento titularidade de ANPA "A BARXA" C.E.I.P. GARCÍA BARBÓN con CIF número G 36.782.373 e domicilio social en Serafín Avendaño, nº 20, 36,201, Vigo (Pontevedra). A finalidade do devandito tratamento é prestarlle un óptimo servizo como cliente e o mantemento da relación comercial no seu caso establecida. Do mesmo xeito, a empresa informa que os seus datos serán utilizados para realizar comunicacións comerciais e promoción das actividades ofrecidas pola organización. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, borrado, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento por escrito, acompañada dunha copia dun documento oficial que identifica dirixido ao enderezo arriba indicado ou ao correo electrónico [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com). Do mesmo xeito, e igualmente, pode revogar o consentimento dado á recepción de comunicacións comerciais de conformidade co disposto na Lei 34/2002. Por último, a empresa informalle que ao asinar este documento, concede o seu consentimento para o tratamento dos seus datos para o propósito antes mencionado.





**ANPA "A Barxa" do CEIP García Barbón**  
 Serafín Avendaño, 20 36201 Vigo (Pontevedra)  
 660 175 215 / [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com)  
<http://anpagarciabarbon.org/>

### AUTORIZACIÓN A OUTRAS PERSOAS PARA A RECOLLIDA DO ALUMNADO. CURSO 2024/2025

**NOME ALUMNO/A:**

1.	<b>CURSO:</b>
2.	<b>CURSO:</b>
3.	<b>CURSO:</b>

<b>Nai/pai/Persoa titora 1:</b>	<b>DNI/NIE:</b>	<b>TELEFONO:</b>
<b>Nai/pai/Persoa titora 2:</b>	<b>DNI/NIE:</b>	<b>TELEFONO:</b>

Autorizan as seguintes persoas a recoller ao alumno/a

	<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>DNI/NIE</b>	<b>TELÉFONO</b>	<b>SINATURA</b>
1.				
2.				
3.				
4.				

\* Imprescindible presentar copias dos DNI/NIE das persoas autorizadas.

De conformidade co disposto no Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos, e a Lei Orgánica 3/2018 sobre Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais, informámoslle que os datos proporcionados ao longo da prestación do servizo incorporaranse as Actividades de Tratamento titularidade de ANPA "A BARXA" C.E.I.P. GARCÍA BARBÓN con CIF número G 36.782.373 e domicilio social en Serafín Avendaño, nº 20, 36, 201, Vigo (Pontevedra). A finalidade do devandito tratamento é prestarlle un óptimo servizo como cliente e o mantemento da relación comercial no seu caso establecida. Do mesmo xeito, a empresa informa que os seus datos serán utilizados para realizar comunicacións comerciais e promoción das actividades ofrecidas pola organización. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, borrado, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento por escrito, acompañada dunha copia dun documento oficial que identifica dirixido ao enderezo arriba indicado ou ao correo electrónico [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com). Do mesmo xeito, e igualmente, pode revogar o consentimento dado á recepción de comunicacións comerciais de conformidade co disposto na Lei 34/2002. Por último, a empresa infórma que ao asinar este documento, concede o seu consentimento para o tratamento dos seus datos para o propósito antes mencionado.



**ANPA "A Barxa" do CEIP García Barbón**  
Serafín Avendaño, 20 36201 Vigo (Pontevedra)  
660 175 215 / [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com)  
<http://anpagarciabarbon.org/>

**DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN PARA A SAÍDA DO ALUMNADO SÓ DO CENTRO ESCOLAR, 2024-2025**

**Eu:**

**Con DNI/NIE:**

**Nai/Pai/Persoa titora de:**

**O/a autorizo a saír do centro escolar a partir das..... horas sen a compañía dunha persoa adulta. Como nai/pai/persoa titora legal asumo a responsabilidade de aquilo que lle puidera acontecer unha vez saía do centro escolar; eximindo desta responsabilidade á ANPA "A Barxa" do CEIP García Barbón.**

**Autorizo durante todo o curso académico 2024/2025**

**Datas/ días específicos:**


**Vigo, a                      de                      do 202**

**Sinatura:**

**LOPD:**

De conformidade co disposto no Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos, e a Lei Orgánica 3/2018 sobre Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais, informámoslle que os datos proporcionados ao longo da prestación do servizo incorporaranse as Actividades de Tratamento titularidade de ANPA "A BARXA" C.E.I.P. GARCÍA BARBÓN con CIF número G 36.782.373 e domicilio social en Serafín Avendaño, nº 20, 36,201, Vigo (Pontevedra). A finalidade do devandito tratamento é prestarlle un óptimo servizo como cliente e o mantemento da relación comercial no seu caso establecida. Do mesmo xeito, a empresa informa que os seus datos serán utilizados para realizar comunicacións comerciais e promoción das actividades ofrecidas pola organización. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, borrado, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento por escrito, acompañada dunha copia dun documento oficial que identifica dirixido ao enderezo arriba indicado ou ao correo electrónico [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com). Do mesmo xeito, e igualmente, pode revogar o consentimento dado á recepción de comunicacións comerciais de conformidade co disposto na Lei 34/2002. Por último, a empresa infórmalle que ao asinar este documento, concede o seu consentimento para o tratamento dos seus datos para o propósito antes mencionado.



**ANPA "A Barxa" do CEIP García Barbón**  
Serafín Avendaño, 20 36201 Vigo (Pontevedra)  
660 175 215 / [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com)  
<http://anpagarciabarbon.org/>

PARTE DE INCIDENCIAS

Nome e apelidos:

Nome e apelidos

CARGO:

CURSO ESCOLAR:

AREA:

DATA:

DESCRIPCIÓN DE LA INCIDENCIA:

MEDIDA CORRECTORA:

RECIBIDO POLO ANPA A BARXA

RECIBIDO POLA FAMILIA



